

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CARRAL

*Aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo de tres prazas de limpador/a (estabilización), nomeamento dos membros do tribunal e data da primeira sesión do tribunal*

#### ANUNCIO

**Aprobación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo de tres prazas de limpador/a (estabilización), nomeamento dos membros do tribunal e data da primeira sesión do tribunal.**

Mediante decreto da alcaldía 464/2024, do 13 de novembro de 2024, **RESOLVEUSE:**

**PRIMEIRO.-** aprobar a listaxe definitiva de persoas admitidas e excluídas ao proceso selectivo para a provisión en propiedade de tres prazas de limpador/a (grupo V do persoal laboral fixo) como segue:

Relación definitiva de persoas admitidas:

INTERESADOS	DNI	EXENTO GALEGO
Roel Bao, M <sup>a</sup> Isabel	***6010**	SI
García Fernández, M <sup>a</sup> Carmen	***5083**	SI
López Bermúdez, María	***8951**	NON
Loureiro Barbeito, M <sup>a</sup> del Carmen	***9427**	SI

Relación definitiva de persoas excluídas:

Ningún/ha

**SEGUNDO.-** Nomear ao tribunal cualificador do proceso selectivo coa seguinte composición, o cal debe facerse público aos efectos previstos nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público:

Presidenta	<b>Titular:</b> D <sup>a</sup> Sonia Campos Ares, técnica de Administración Xeral do Concello de Carral. <b>Suplente:</b> D <sup>a</sup> Noemí González Mato, interventora do Concello de Carral.
Secretaría	<b>Titular:</b> D <sup>a</sup> Rebeca Vázquez Vázquez, secretaria do Concello de Carral. <b>Suplente:</b> D <sup>a</sup> Silvia Aramburo Vázquez, tesoureira do Concello de Carral-Bergondo-Abegondo.
Vogais	<b>Titulares:</b> Belén Viqueira Tasende, técnica local de emprego do Concello de Cerceda. D <sup>o</sup> Iván García García, conserxe do Concello de Carral. D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> Dolores Pinilla López, auxiliar administrativa do Concello de Carral. <b>Suplentes:</b> D <sup>a</sup> M <sup>a</sup> del Carmen Rodríguez Rodríguez, auxiliar administrativa do Concello de Carral. D <sup>o</sup> Luís Miguel Méndez Oro, auxiliar técnico de obras do Concello de Carral. D <sup>o</sup> Manuel Ares Barbeito, conserxe do Concello de Carral.

**TERCEIRO.-** Fixar para o vindeiro 18 de novembro de 2024, ás 12:30 horas, no salón de plenos da Casa do Concello de Carral, a primeira sesión do tribunal cualificador (constitución). A continuación procederase á valoración da fase de concurso. A persoa proposta para a obtención da praza que non posúa o título acreditativo de galego correspondente ao Celga 2 será convocada a través de anuncio publicado na sede electrónica do Concello de Carral para a realización da mesma. No caso de que esta proba de coñecemento non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa candidata será excluída do proceso selectivo e a seguinte coa puntuación de méritos máis alta será proposta para a obtención da praza.

**CUARTO.-** Publicar a parte resolutiva deste decreto no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Carral sito na páxina web.

**QUINTO.-** Contra a presente resolución poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición perante a alcaldía no prazo dun mes ou ben recurso contencioso-administrativo perante o xulgado contencioso-administrativo no prazo de dous meses, en ambos casos o prazo contarase dende o día seguinte ao da publicación desta resolución no boletín oficial da provincia. O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulgará que se lles recoñeza aos/ás aspirantes o cumprimento dos requisitos esixidos. Cando da documentación a presentar unha vez superado o proceso selectivo se desprenda que non cumbran algún dos requisitos, os/as aspirantes decaerán en todos os seus dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

Carral, 13 de novembro de 2024

O alcalde

Francisco Javier Gestal Pose

2024/8088